

Dez razóns polas que mergullarse nas Terras de Iria:

6. DESENCRAVO DE VILARIÑO

É un dos catro desencravos que hai en Galicia. Está situado nunha encrucillada de camiños na entrada da aldea de Vilariño (Urdilde-Rois), ao lado dunha fonte. Séntase sobre tres gradas e unha base cúbica coas arestas superiores con rebaixe. O varal é normal, de sección cuadrangular, coas arestas matadas. O capitel, de catro lados, conta nos ángulos con volutas e, debaixo destas, elementos que imitan cunchas. É o único descendemento ou desencravo que coñecemos na zona, semellante ao desencravo de Eiroa (Noia) e Berrimes (Lousame), feito que fai pensar que se trata do mesmo autor.



1888

9. FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA C.J. CELA

Camilo José Cela Trulock (1916-2002) gañou o Premio Nobel de Literatura en 1989, foi autor de obras como *La Familia de Pascual Duarte*, *Nuevas Andanzas y Desventuras del Lazarillo de Tormes*, *Viaje a la Alcarria*, *La Colmena* etc. Recibiu tamén os premios Cervantes (1995) e o Príncipe de Asturias (1987). En 1991 inaugurou en Iria Flavia, a súa terra natal, a sede da súa Fundación, fronte á antiga Colexiata de Santa María a Maior, nunhas casas construídas para residencia de canónicos no s. XVIII. Dispón dunha superficie total de 11.000 m², onde alberga unha biblioteca de máis de 45.000 volumes e unha pinacoteca con máis de 700 pinturas orixinais.



7. SANTIAGUIÑO DO MONTE

Lugar histórico de peregrinacións xacobeas dende a Idade Media. Tamén coñecido como Monte San Gregorio, impulsado no s. XV polo arcebispo Rodrigo de Luna e nos principios do s. XX polo arcebispo Martín de Herrera. Conta a tradición que nos penedos o Apóstolo Santiago predicou aos xentís e que co seu báculo fixo brotar, baixo a ermida, a fonte milagreira. Cada 25 de xullo celébrase a típica romaría do Santiaguíño.



10. GASTRONOMÍA

Nas **Terras de Iria** destacan os produtos de tempada, grazas á fertilidade das súas terras. Nelas poderá degustar unha ampla variedade de pratos típicos galegos, mais cómpre destacar dous produtos estrela: os pementos de Herbón e a lamprea. De sabor inconfundible, os **pementos de Herbón** cultívanse mediante técnicas ancestrais na parroquia padronesa que leva o seu nome.

A súa tempada de consumo establécese desde maio a outubro. Pasado o primeiro impacto visual, a **lamprea** é un dos máis ricos manxares obtidos das frías augas do Ulla.

Péscase de maneira artesanal nas pesqueiras de orixe romana que aínda están en funcionamento, en Herbón.



8. HÓRREOS

Os **hórreos da Lavandeira** (Imo-Dodro), forman un conxunto de 'hórreos de terra' do s. XVIII, de planta rectangular en cámara de madeira. Están considerados como as edificacións deste tipo máis importantes de Galicia.



TERRAS DE IRIA

Onde nace o Camiño



Concello de Rois



Concello de Padrón



Concello de Dodro



galicia





Río Rois

Terras de Iria comprende os concellos de Padrón, Rois e Dodro. Correspóndese coa coñecida Comarca do Sar. Estas terras, que espertaron xa o interese dos romanos, ofrécenlle ao visitante un riquísimo legado cultural, etnográfico, patrimonial, natural e gastronómico.

Nas Terras de Iria nace o Camiño de Santiago, tras a chegada do corpo do Apóstolo Santiago ao antigo porto de Iria Flavia. Nestes paraxes impregnados de cultura xacobeá viviron autores galegos do talle de Rosalía de Castro e do Premio Nobel Camilo José Cela. A fertilidade da zona propicia que sexamos un referente gastronómico grazas aos famosos pementos de Herbón, ademais de agochar tamén importantes ecosistemas como as brañas de Laiño, unha das zonas húmidas máis grandes de Galicia.



1. BRAÑAS DE LAÍÑO



As **brañas de Laiño** (Dodro) son unha das zonas húmidas máis grandes de Galicia e albergan unha riqueza ambiental de primeira magnitude, protexida pola Rede Natura 2000. Teñen unha importante variedade de flora e fauna e presentan exemplares en perigo de extinción. Nelas aniña unha das subespecies da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*, subespecie lusitanica), endemismo da Península Ibérica.

2. PEDRÓN

Ara romana situada baixo o altar maior da igrexa de Santiago de Padrón. Segundo a tradición xacobeá, é o lugar onde se amarró a barca que traía os restos do Apóstolo Santiago. Constitúe a orixe do actual topónimo da vila: Padrón.



3. VIACRUCIS DE SORRIBAS

Conta cun total de **doce estacións** e **un calvario** formado por **tres cruceiros**. Está situado en Sorribas (Rois), nunha paraxe natural de extrema beleza que souberon aproveitar os camiñantes na súa peregrinación ao Apóstolo. Próxima ao viacrucis e na honra aos peregrinos, en 1704 foi construída a fonte de Sorribas, para que estes se puideran refrescar.



5. XARDÍN BOTÁNICO ARTÍSTICO

É un elemento que confire un gran protagonismo dentro da vida lúdico-recreativa de Terras de Iria. Considerado coma un dos **xardíns máis antigos de Galicia**, hai documentación que confirma a presenza do xardín en 1869, aínda que probablemente sexa unha obra do s. XVIII. Situado en Padrón, esta xoia botánica destaca pola súa relevancia xardinística, cunha riqueza da flora composta por 300 especies e 9 elementos que integran o catálogo arborado monumental do Finisterrae, entre eles a palmeira do Senegal, a coroa de Cristo, o carpe etc.



4. CASA-MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro co poemario *Cantares Gallegos* (1863) sitúase á fronte do Rexurdimento cultural de Galicia. Grazas á súa obra máis coñecida en castelán, *En las orillas del Sar*, é considerada precursora da poesía castelá moderna xunto con Bécquer. Na súa Casa-Museo, sita na Matanza (Padrón), pódense contemplar fotos da poetisa, dos seus familiares e amigos, recordos persoais, escritos e multitude de obxectos cotiáns da Galicia do s. XIX.

